

DA CASA NOVA

DANIEL LANDESA





Edición de autor baixo licenza Creative Commons

Podes descargar, distribuír, deformar, estirar, chuspir, estragar, rachar, denostar, e mesmo tirar rédito comercial desta obra se así o desexas.

Baixo estas dúas únicas condicións:

- Atribución: fagas o que fagas con este texto menciona nalgún lugar (aínda que sexa en pequeno e difícil de atopar, a súa autoría.

- Uso Comercial: Se por algún motivo consigues quitar un proveito comercial disto, ademais de sorprendeme moito prégoche que does parte do recadado en mercar pan reseso e darllo de comer ás pombas nalgún parque que non teña cemento.

1ª Edición: Emerxente Editora. Ano 2014.

2ª Edición: Edición recuperada en formato dixital. 2017

Título: *Da casa nova*

Autor: Daniel Landesa

Edita: A vida en Prypiat

Tipografías:

Portada y títulos: Bebas Neue

Textos: Crimson Text

Imaxes:

Arquivo persoal

Aquelas outras que non pertencen ao arquivo persoal son imaxes de arquivo de dominio público. A maior parte delas están en shorpy. Nalgunha pode que faga trampas. Cousas de poetas.

*a papá e mamá
que me trouxeron*

*a elas tres
que me acompañan*

*a pedro e gabriela
que nos deixaron*

Agradecementos: algo máis alá da dedicatoria da primeira edición (que manteño nesta) estes textos non serían posible sen o agarimo e pulo que para min supuxo Poetas da Hostia. Todas e cada unha das persoas que dalgún modo formastes ese listado de honra como participantes nun proxecto colectivo que, máis aló dos logros persoais, é o máis fermoso que nunca fixen. Grazas por todo a todas elas e a todos eles.

DA CASA NOVA

DANIEL LANDESA



VIÑO DOCE

Hai días nos que un nace
sabendo que non naceu
para depenicar na beleza.

É entón o momento
de deixar de lado esta teima
de crear con respiración asistida
e botar os pasos camiño do supermercado
e mercar:

unha botella de Monterrei do 97,
un feixe de Kleenex con aroma
a outro tempo,
unha bolsa de alma enlatada
e un paquete de azucre de marca branca
coma o azucre

e pasear polo mostrador de conxelados
a procurar un recordo
que perdido algunha vez ficou
entre a pel da estirpe
e o arroz tres delicias para microondas;
ou intentar contemplar a profundidade
nos ollos maquillados da caixeira
que tan só ven códigos de barras:
– Non. Non preciso ticket de parking, vivo nesta
mesma rúa.

Grazas.

Apañamos as bolsas con coidado,
que a botella de viño
non bata cos recordos xélidos.

Ábrense logo as portas mecánicas
e volve o mundo
coma un golpe seco no medio do queixo:
o meu mundo.

E abandonamos a fantasía
dos corredores aquelados,
da voz en off anunciando a oferta do día
dos sorrisos novos na sección de baño.

Ao regreso
preparo o viño doce
e brindo por anotar
que é hoxe un día
sen épica
sen versos.

VAIXELA

Teño o costume de apoiar a cabeza
contra o moble da cociña
mentres frego os pratos:
 día tras día
 envolvo as mans en luvas de látex
 para percorrer os corpos dos cubertos
 e as formas redondas
 da nosa vaixela.

E apoio a cabeza
coma unha dorna cansa
sobre as areas da praia
marcando a pegada da proa
sobre o manto da ribeira.

Do mesmo modo
día tras día,
este costume foi deixando,
indeleble,
un cerco luído
sobre a porta do moble laminado
no lugar onde a miña fronte pousa,
apenas visible
un cambio de cor sobre a madeira:
coma un acorde lento.

E ti ben sabes que
se cos dedos percorreses
esta fina marca
que foi quedando na lareira nosa
sentirías que é todo o que eu son,
todo o que penso:
 toda a miña inalterable
 e rutineira pegada.

Día tras día
pousas a cabeza no meu peito
coma unha dorna cansa.
E a marca da túa fronte
vai deixando unha estela,
imperceptible,
nas costas escarpadas do meu corpo,
coma o ronsel suave
das bucetas da ría.

E se eu percorrese cos dedos,
(cos meus dedos vellos)
este teu naufraxio
vería todo o que ti es
nesta cociña.

RADIOGRAFÍA DUN SOFÁ CON CHAISSELONGUE

Se cumprise todos os meus soños,
toda arela que algunha vez foi,
perdería o sentido primeiro
esta miña biografía.

Os desexos son todo, pero,
sobre todo:

- *a loita que nos ancora á vida*
- *a substancia que me conduce a amarte*
- *a inercia que nos conduce ao seguinte día.*

Ti entras pola porta da casa
coa alma cargada sobre os ombreiros
coma unha lectura obrigatoria,
coma os atados de teas das ciganas,
coma un fardo que di:

- *boas tardes*
- *estou cansa*
- *prendo a tele? Ou lemos un verso...*
- *mellor volve falar-me de navíos*
- *ou de locomotoras que se afastan.*
- *si, será o mellor, sempre odiei falar de navíos*
cando ficamos tan lonxe da rompente
cando o mar é só un recordo.

Descanso, descansas.

E, mentres, algo se nos escapa.

Mais ten que ser así:
hai anos que descubrimos,
nas páxinas que nos quedaron escritas,
cal é o sentido de existirmos:
 chegar a casa
 coa enerxía abondo
 para quedar durmidos nunha aperta,
 nun cruce de camiños
 deses que se atopan sen quere-lo.

É a función deste experimento:
vivir o cansazo dunha vida
nesta forma de aval,
nesta garantía
de hipotecar estas paredes baleiras
coma unha esmola.

Só o pasar dos días
grava na pel as engurras
coma un rastro da existencia:
 o tempo desprázase
 colle pulo
 brinca
 e nós, con el,
 somos agullas que se atopan unha vez por hora.

Escrito temos tamén

que só os desexos
que se enxergan no horizonte
poden ser a obriga de erguermos a vista
e contemplar,
coma un faro prendido dun rochedo rexo
e inaccesible,

todas as paisaxes que nos quedan

por ver.

NEVE NA DISTANCIA

Cando un vive nun lugar
onde neva

douscentos vinte e seis días ao ano,

só pode habitarse unha cabana
de madeira
e escribir en cadencias pausadas
como lentas caen, a miúdo,
as folerpas.

Mais no lugar no que eu vivo
hai vinte e tantos anos que,
na fiestra,
tan só pousa auga e máis auga.

É por iso que para nós a neve
é infancia
é por iso que para nós a choiva
é pedra.

PRAIA ELÉCTRICA & PEIXES MORTOS

Lembras aquel día?
collín unha presada de area mol entre as mans
e deiteina sobre o teu corpo
coma se fose choiva quente.

Lembras?

A praia estaba deserta
porque non había vendedores de parisién
e no depósito de combustible
da zódiac da cruz vermella,
alguén,
deitara unha presada de area mol
e por iso
nunha rebelión de tose seca
faltáronlle azos
para nos rescatar.

Recordas?

Ti levabas prendida das cavernas da pel a roupa da inocencia e da rebeldía, aquel manto escuro mais livián que unha vez herdadas dos fillos que non te sobreviviron. Aínda conservabas aquel ollar baleiro de faneca entre as mans, aquela sabedoría das algas que se deixan arrastrar pola corrente ata ser devoradas pola lingua da praia. Igual ca nós. Inmóviles. Coma quen evoca unha marea morta.

Lembras sentir escorregar polas costas
a area quente coma unha brisa?

Tampouco había ciganas
de pano vermello á cabeza
a cargar con bolsas enormes
de bolos de leite e curasáns resesos.

Pero si había algas
e peixes mortos a bicarnos os pés
como lambe a escuma na area.

E as algas.
E os peixes mortos.

Sorriron
ao vernos afogar.

Naquel día que xa non esquecemos
collemos presadas de area
entre a marea de vendedores de barquillos
e algas
e os ollos perdidos das ciganas
e dos peixes mortos

lembras?

e soterrámonos.

ADICCIÓN

Hei reconecelo,
son un ionqui das fiestras,
do seu frío mundo
e do bafo que desprenden
coma a paixón xélida
dun namorado constante.

Do aire que respiro tamén preciso
mais non ten o tacto seguro
do vidro:

non me fala de resplandores difusos
cos que alimento cada día
esta adicción húmida,
esta obsesión líquida,
a resposta as vidas que non teño
a resposta ao qe detesto.

Quero o cristal
e as figuras transparentes,
difusas;
a idea da nostalxia
coma un remover na terra
por ver agromar, vizosa,
a colleita deste desprezo quebradizo.

ADICTO.

CONDICIÓN IDEAL DA AUGA TURBIA

Por moito que florezan
as caléndulas nesta tinta
e disfracen de primavera
as flores luídas:

 sempre volverá a rabia,
 sempre o sangue
sobre estas verbas.

Por moito que queiran roubar-me
roubar a calor contida
dun corpo alleo
como suma o mar as areas da costa
aos seus exércitos:

 sempre volverá a humidade coma pedra gris
 e morna,
coma ourizos sobre a rocha.

E vir virán tamén
os tempos tectónicos,
sísmicos,
que removan a terra
e o alicerce mesmo
deste meu corpo descompasado,
gastado coma as pedras
que no inverno soportan os pasos mollados.

Ha de vir logo
a época sen estacións
e apeadeiros cubertos de folla seca
e ferruxe,
onde xa non paran os trens baleiros
que pasan por esas vías mortas.

Han chegar os tempos
que sosteñan o facho ancestral
desta loita.

E entón,
hei desaparecer,
borrarme deste mundo e
esquecer
esta furia incontinente, sucia:
este tránsito vagaroso
nos carreiros estreitos dunha mañá fría,
poñamos de febreiro,
de auganeve e folerpas.

Unha desas mañás
de romper espellos
e finxirse auga
ata sentir no ronsel do abandono
a desolación do propio morgado.
O caer pausado dos carballos.

Ocultas coma corazóns
son do pazo estas estancias as que máis disimulo
esas onde podrecen rosa e semente.

Tesouros coma tesouros gardo tras estas portas
aquí
onde só a cal viva viste
esta sala de estar espida.

Só este verso
é a miña palabra
cando arrastra terra pola gorxa.

D.A.F.O.

Só comprendo o meu estado,
o meu ánimo transeúnte de pasadizos escuros,
cando teño a necesidade de mercar
uns peúgos que non preciso
e unha refrescante fragancia deportiva
que nunca uso: *just do it*.

Os andeis do baño, si,
especialmente os do cuarto de baño,
están pendurados de pequenas derrotas,
cousas sobre cousas
que me fan consciente das miñas feblezas
e do poder reparador dun trespordous.

Porque aquí onde ves
un xabón de cara con propiedades exfoliantes
(elimine os puntos negros)
eu vexo mil ilusións partidas
e a alma a escapárseme
polos poros sucios da pel.

XORNAIS

O meu primeiro acto
de rebeldía verdadeira
foi asumir esta hipoteca
cando aínda me sobaban os brazos,
cando os tipos de interese
eran un señor de gravata
e traxes caros.

E chegou o día
en que puxemos pé na casa nova
coma exploradores.
E todo o futuro collía
entre paredes encaladas
e mobles de urxencia.

Lembro merendar mentres
na mesa improvisada
de xornais gratuítos
liamos os titulares da prensa.

Logo foron habitando
estes nosos hóspedes,
coma sqatters,
as estancias do noso pazo.

E todo foi construíndose ao noso redor,
envolvéndonos,
coma nos anuncios
de seguros de fogar.

Mais nunca volvemos derramar refrescos
sobre a clasificación xeral dunha volta ciclista
merendendo nunha casa sen roupas.

Nunca volvemos
botar migallas de pan de molde
sobre un presidente da casa branca.

TIME IS ON MY SIDE, YES, IT IS...

O tempo
é o lugar onde as cousas pasan,
agás aquí, neste intre
no que o tempo se para
coma un verso en que nada pasa,
un espazo inmóbil de silencio
isto é o verso,
isto é o tempo.

O despertador cansa de soar
agardando que eu volva
do lugar onde o imposible dorme entre as mans,
un lugar entre a penumbra e a penumbra
onde eu paso as noites a escribir sobre o tránsito ata a morte
si, ata a fría morte que todas as noites soño.

Nas mañás cando
a alarma cansa de berrar,
sen éxito,
para devolverme ao mundo dos vivos,
procuro desfacer os fíos
deste tear que dei en construírche ao redor.

Inciso. Aquí é onde o expectador, que deu en chamarse polo teu mesmo e tráxico nome, constata o feito innegable de que o narrador desta historia ten un nome que algunha vez atesourou e agora forma só unha parte mínima da súa equipaxe.

Só podo medir o paso dos días
do mesmo modo que se calcula
a cantidade de café moído
no filtro da cafeteira:
a ollo;
deitando sobre cada instante
unha culler de café arábica
unha última esperanza.

AS NOVAS DO DÍA

Pola mañá,
cedo,
acendo o coche
por escoitar a radio
e que me asalten conflitos bélicos
e triunfos deportivos.

Derrota e vitoria
condensadas nunha mañá calquera,
cedo,
no tempo que acendo o coche.

Confeso
que hai días que esperto
un par de horas antes do necesario.

E na seguridade escura do garaxe
choro sen consolo
coas novas do día,
ata que a batería do coche,
fóra de garantía,
manda a frecuencia modulada
a un silencioso estado de espera:
stand by...
stand by... me.

Confeso
que hai noites
nas que non durmo
só por non ter que espertar de madrugada
con esta ansia,
esta necesidade de comprobar
se segue a haber mortos innecesarios
no mundo.

Logo o día pasa,
comprendendo o absurdo que resulta
falar de peixes mortos
nun mundo onde morren nenos
e sobran verbas
para describir un fóra de xogo
ou un empate a cero.

O DESTINO É UNHA MULLER VELLA DE DUBROVNIK

Agardarás que veña o río, na crecente,
a cruzarlle a cara ás mágoas todas
ata que, asolagadas,
poidas durmir
coma antes que todo comezase.

Virá o río,
coma unha limpeza étnica nun país do leste
a poñer o teu reflexo sobre o misterio
da maldade dos tiranos

ou de como foron creados os camiños desertos para que veñan ríos crecidos coma mulleres vellas co cabelo atado nun monllo de sabedoría a lle rifar aos pícaros que xamais escoitan os consellos de tan novos, de tan noxentamente nova como lles é a vida vella, esa mesma vida vella que presume os brazos engurrados coma as aves ao nacer do manancial que algunha vez esqueciches. Así veñen os ríos, crecidos a te aconsellar

e a lembrarte, si,
como só poden lembrar os ríos con cara de muller vella,
como só poden lembrar as vellas ás que os pícaros non escoitan,
a lembrarte que aínda non foron escritas
as páxinas que te corresponden.

Lembrarás a dor
prendida nas lapelas do gabán
coma un alfinete prateado
ata que veña o tempo
e poña nome nas cousas.

POETAS MORTOS

Quixera reclamar na noite
as ánimas dos que precederon
este oficio terrible,
e chamar por todos os versos mutilados
na miña axuda.

En lugar diso, ergo da cama no medio da noite
ergo acendo un cigarro na fiestra,
ou quizais abra nozes e as esmague contra as paredes
e, somnábulo,
abra o frigorífico e roube leite das súas entrañas,
logo todo é remexer e bater
sempre na mesma idea:
as paredes co arrecendo a casca de noz
e as mans cheas de cardeais
de bater no frigorífico
ou quizais o sabor da carne do froito na lingua
ou o tacto frío do vidro sobre os dedos...
sempre na mesma idea.

Podería asomar ao balcón
e berrar por todos os poetas
mortos en acto de servizo
e berrar por todas as poetas
desposuídas da terra do seu corpo
e berrar por todos os poetas
sacrificados coma ofrendas
e berrar por todas as poetas
expatriadas da lingua que lles deu verba
por todos eles berraría, por todas elas,
senón fose que a promoción autonómica
proxectou os edificios protexidos
oficialmente:



TEMPO GASTADO

Baixo polo Resío
camiño a Bouzas máis obreira
menú do día leninista
para todos a sete cincuenta.
das tascas de pel de peixe sapo e graxa de barreras.
Enfilo pola rúa do Medio
cagándome no frío da ribeira
maldicindo todos os barrios mariñeiros
maldicindo todos os malditos
douses de febreiro.

Fago apostasía sobre estas rúas
que agora chamo do Resío
e reclámoas polo seu nome auténtico,
e mentres non responda a esta chamada,
choro en diferido contra as mans
por cada un destes putos invernos
estes infernos
de encrucilladas erradas,
destes tempos de gastar o tempo
refregando entre as mans o vento
do tempo en que aclimatarme a esta vida
foi acostumar a un non ser nada,
unha frecuencia baleira.

Reclámoas polo seu nome auténtico
eu / incapaz de morrer por causa algunha
eu / incapaz de morrer sen loita
eu unha metade de nada

O ODIO

Odio cortar a pel
cando me barbeo.

Os días
nos que a folla da navalla desbotable
afia as súas gadoupas de animal engaiolado
contra a miña pel de imbécil
rememoro toda esta sucesión
de feridas estúpidas:

- nos cotenos das mans
ao fregar os cubertos*
- e nos cóbados resecos
contra os marcos das portas.*
- lembro cada un dos pelos enquistados das pernas
– e a pel vermella na ducha
pola auga fervendo nas coxas.*

O resto do tempo
só teño que me preocupar
das feridas que non se ven

NIN SANGRAN.

ALMA NEGRA

Confía na alma do poeta.

Sería lóxico pensar nunha alma limpa logo de crecer e facerme home nun barrio onde a inocencia se medía na capacidade de xogar á pelota sen reparar nas xiringas de metadona, é fácil crer no meu espírito cristalino, vítreo,

logo que vos asegure que sortear fracasos entre as columnas espidas das casas baratas non foi tarefa fácil pero foi o meu único éxito,

é posible mesmo imaxinar que crerías na miña palabra se a poño entre as túas mans e podes ver nela a inocencia dos meus ollos de neno ao ver flotar o papel de prata polo oco das escaleiras mal iluminadas da miña infancia.

Non dubidarás en seguir o tránsito da miña voz cando saibas que foi este pacto cunha lingua milenaria a miña única salvación.

Confía na alma do poeta.

Confía na alma do poeta ata que se empeñe en asegurar que o único motivo de escoller o camiño da verba, o único verme que buliu para formar parte deste poema, foi a certeza: sempre se me deu a mentira moito mellor que os adictos ao roubar a saúde das nais.

A mentira quen foi despertando un animal que agachar tras os poemas, a mentira, a única verdade.

Confía na alma do poeta

ata que descubras que habita nel unha alma negra,

negra coma a noite máis bruna,

negra coma as almas que viven no abismo máis fondo do
inferno,

unha cavidade pegañenta.

Unha caverna sen sombras porque nunca a luz existiu nela,

a alma do poeta,

tan escura que só ama a morte porque a morte insistiu en
lle facer as beiras, unha e outra vez repetíndome no oído
que non, que non é fácil camiñar sen a sorte do meu lado,
que só o exilio pode redimirnos

da infección do noso espírito.



EU

**I DON'T WANNA HOLIDAYS IN THE SUN
TAMPOUCO QUERO SER QUEN ARRANXE
UN MUNDO AO QUE TAN POUCO FUTURO
LLE RESTA O PUNK NON FOI UN MOVE-
MENTO POLÍTICO SÓ FOI UNHA VIDEN-
CIA DO CAMIÑO NO FUTURE**

DA CASA NOVA

**A PRIMEIRA MUDANZA. O PASO DA IN-
FANCIA A UN LUGAR MÁIS ÁSPERO. O
VELLO E O NOVO. A MORTE SEMPRE,
CLARO, COMO SENÓN. ISTO É DA CASA-
NOVA UN TEXTO QUE XA DETESTO.**